

**A DIMENSIÓN SIMBÓLICA DUN MARECHAL
LITERATURIZADO. PERO PARDO DE ZELA E O
REXURDIMENTO GALEGO, O PROXECTO ESTÉTICO-
DIDÁCTICO DA IDEOLOXÍA REXIONALISTA**

Xulio **PARDO DE NEYRA**

Universidade d'A Coruña

RESUMO

Tras o seu asasinato, o 14 de decembro de 1483, a figura de Pero Pardo de Zela, merechal dos exércitos dos reis de Castela, serviu para construír un dos espazos simbólicos máis relevantes da tradición oral do país en que vivira. Instado polos propios ecos desta tradición popular, o historiador ferrolán Benito Vicetto decidiu afrontar a edificación dun novo marechal, un marechal especialmente dirixido cara a un espazo quen de poder sobrancear os intereses ideolóxicos que el mesmo decidira pór a andar: os do rexionalismo galego. Desta forma, porén, o Pero Pardo converteuse – travestíndose de señor de vasalos e cabaleiro roubador – nun dos mártires dunha Galiza que arelaba a súa liberdade malia ao espírito imperialista que brillaba no programa da monarquía trastamarista de Isabel e Fernando, reis da Castela e Aragón, empeñados en se faceren coa propiedade da maior parte de territorios ibéricos que puidesen e, por conseguinte, valéndose da había pouco inaugurada mitoloxía do vello reino perdido dos caudillos godos. A partir deste momento, Pero Pardo deveu nunha das figuras con maior forza dunha nación que se chamaba á súa liberación, nun mesías cabaleiresco protagonista dunha agardada redención.

Palabras clave: Literatura Galega, Didáctica da Literatura, Literatura de Tradición Oral, Ideoloxía literaria, pardozelianismo literario.

ABSTRACT

After his murder, on December 14^o 1483, the figure of Pedro Pardo de Zela, marshal of the army of Castilian Kings, serve for the construction of one of the symbolic spaces with a biggest importance in the Oral Tradition of the country in he lived. Press to the owns echos from these popular tradition, the ferrolan historian Benito Vicetto decided assail the building of a new marshal, a marshal specially direct at a space capable of to praise the ideologycal interest that he go on: the Galician Regionalism Ideology. Thus, Pero Pardo was converted – changed from lord and knight thief – in one of the martyrs from a Galice that want it liberty still the imperialist spirit existent in the program of the trastamarist monarchy of Isabel and Fernando, kings of Castilia and Aragon, engaged in conquer all the iberic lands and, consequently, maked use of the recent mythology from the lost old kingdom of the gothic chiefs. From this moment, Pero Pardo become in one the figures with most power in a nation that it call to own liberation, in a chivalric prophet protagonist on a hoped redemption.

Keywords: Galician Literature, Didactic of Literature, Oral Tradition Literature, Literary Ideology, Literary Pardozelianism.

ARTIGO

En 1442 formalízase un contrato de encomenda en Ourense, obrigándose Peralvarez Ossorio e Beatriz de Castro, condes de Lemos, a gardar o servizo real e episcopal e a non molestar os viciños da cidade d'As Burgas. Catrocentos dez anos despois da formalización desta carta, o Benito Vicetto regresa á Galiza, logo de ter residido na capital do Al-Ándalus e de terse comprometido un ano antes a redixir unha historia da Galiza (Fort y Roldán, 1903: 10-11). Através dun periplo foráneo emanado do seu emprego militar no corpo de alabardeiros mais matizado por non poucos contactos coa cidade en que vira a luz, Vicetto deseña a enerxía dun novo mito para a cultura dun territorio que, claro que ollado desde a distancia, semellaba estar ensumida no máis absoluto dos desdouros institucionais. Foi en Sevilla onde publicou por vez primeira *Los hidalgos de Monforte (historia caballeresca del siglo XV)* e foi nos meios *La Aurora*, *El Eco de la Juventud* e *El Telégrafo*, tamén da cidade do Guadalquivir,

onde publicou “trabajos literarios” en que “resplandecía siempre el recuerdo de lo ausente, hasta el punto de que D. Ramón Rúa y Figueroa, al dedicarle la composición *Nostalgía*, le aconsejaba volver hacia la madre tierra” (Fort y Roldán, 1903: 11). Seguindo a Fort, tras a súa aparición:

el que más y el que menos veía en la figura de Pardo de Cela, el prototipo del caballero gallego [...] Encomióla Murguía en El Correo Universal el año 1856 y reprodujo su opinión la Gaceta: la obra entera, decía, la tradición, la pintura, los nombres, personajes, creencias, aspiraciones, todo era de Galicia y para Galicia; é inspirado por su lectura, dedicó una poesía á Ildara de Courel y un soneto á Pardo de Cela. El mismo año firmaba una epístola D. Ricardo Puente y Brañas, dedicada á Vicetto, en que recordaba que los Hidalgos era, según un crítico de la corte, la segunda novela producida en España.

Julio Nombela no fué menos parco en elogios, el siguiente año, al considerar la novela “como una obra de verdadero mérito y de un género enteramente nuevo” [...] D. Leandro de Saralegui, en Galicia y sus poetas, reconocía que la novela histórica no existiera en Galicia hasta que Vicetto se había propuesto aprovechar las innumerables bellezas y los magníficos cuadros que ofrecía nuestra rica y variada historia [...] Valentín Lamas Carvajal en su soneto Pedro Pardo de Cela, en una palabra, todos los escritores de la época ponderaron aquella producción [...] y puede recordarse, entre otros artículos, el publicado en la Revista contemporánea por D. Leopoldo Pedreira, número correspondiente al 30 de octubre de 1893, donde se menciona á los Vicettistas y al lema inventado por Vicetto y achacado por sus admiradores al mariscal Pardo de Cela (Fort y Roldán, 1903: 23-25) ¹.

Unha das partes en que Vicetto articulou a súa novela – “historia caballerisca”, como el preferiu chamala – , a terceira, foi

¹ Trátase de *Deus fratresque Gallæciæ*, através do cal Vicetto articulou a trama de *Los hidalgos de Monforte* e que apresentou como “grito popular” que “había costado ríos de sangre”, que “había conmovido los palacios teocráticos y los palacios feudales del territorio”, “dogma santo de una revolución que todo lo devoró sin conseguir más que dejar una idea y un sentimiento en el país” (Vicetto, 1903 I: 41).

curiosamente titulada “El Mariscal Pardo de Cela”. É nela, onde quizais con maior nitidez e claridade, aparece unha observación dos feitos históricos deliberadamente peneirada segundo un tamis asentado na máis directa das contemporaneidades: imaxes como a dun Fernán de Amade cualificado como deputado revolucionario, a duns irmandiños loitadores republicanos ou a duns cabaleiros absolutistas dan boa conta diso. Unha Galiza expresivamente chamada a recuperar unha esencia perdida treme perante os designios divinos que, contodo, o imperialismo monarquista acabaría por soterrar:

pero mientras el poder real, vigorizado por la fusión plausible de los tronos, lucha en persona desde Santa Fe contra el islamismo del Mediodía para que en el litoral de la antigua Iberiano hubiera más que un solo Dios y un solo rey; pero mientras que á esa lucha potente y sacrosanta consagra sus fuerzas, su corazón y su inteligencia, descuidando la organización político-social del Estado, uno de sus antiguos tronos del tiempo de la hetarquía, cuna de esa misma monarquía absorbente que llevaba su ambicioo anhelo hasta más allá de los mares conocidos, vejado y oprimido por las depredaciones de una teocracia fanática y de una aristocracia cruel, se levanta en son de guerra contra sus opresores; y no faltan nobles y clérigos, que monopolizando su espíritu legítimo de rebeldía, conciban el pensamiento de sustraer á Galicia de la corona de Castilla y proclamarse luego reyes independientes [...] En las mismas montañas donde surgiera el lábaro de la cruz y de la independencia territorial, volvía á surgir de nuevo el de una emancipación popular contra la tiranía y el despotismo de sus opresores indígenas (Vicetto, 1903 II: 52-53).

A historia vicettiana – a “crónica de una guerra civil”, en verbas de seu colega Juan Manuel Cano (Cano, 1903: 452) – xorde através da fantasía do diorama epopeico do século XV, capaz de reunir personaxes literarias con cabaleiros resgatados propiamente da historia da Galiza da Idade Media. Na imaxinación do ferrolán, Alonso López de Lemos, “señor de las casas de Ferreyra, Sober y Amarante, etc., etc.”, presentado como conde de Lemos, recibe unha carta do “conde de Villaba” na que lle confesa o cumprimento dos seus prognósticos: o marechal Pero Pardo, “invocando los derechos de la Beltraneja, se pone á la cabeza de los *hermanos de Galicia*”, as

tropas do vizconde de Tui sitian Pazos de Probén no seu castelo, en Lugo asasinan o bispo, os pontevedreses arrasan o castelo e a condesa de Vilagarcía e os ribadavieses botan o bispo ourensán ao Pozo Maimón. Asinalándolle que o nobre lucense estaba en camiño de seu castelo, prégalle que se poña en contacto co conde de Monterrei para “contrarrestar los ambiciosos proyectos del mariscal” e impedir que se unan as súas irmandades (cf. Vicetto, 1903 I: 55-56). Páxinas adiante, reunidos catro dos doce fidalgos servidores do conde de Lemos no “salón de los Hidalgos” de seu castelo monfortino, preguntándose polo destino do marechal, volvemos atopar unha nova mención pardozeliana, mais esta vez falando dun guerreiro do que, en realidade, non se sabe ben por onde é que actúa: “sólo él podrá saberlo. Unas veces en Mondoñedo, otras en Lugo, y otras ... ¡qué sé yo! ¡si por todos los pueblos anda!”, como apunta Sancho de Remesar, alcumado “Oso negro”. Pedro de Tor apostila que naquel intre, o marechal andaba por terras de Portomarín e que “se dirigía sobre esta parte de Galicia para incorporarse con su ejército á las pequeñas partidas que se han levantado, é insurreccionar todo el país, comenzando por la demolición de este castillo”. Era, como tamén fai notar o de Tor, o día de “San Fernando, domingo 28 de Mayo de 1481” (Vicetto, 1903 I: 226-228), cando, nidiamente, as forzas do suevismo e do celtismo que percorría polas veas da nobreza da Galiza reuníronse para descubrir un conspicuo conspirador como Pero Pardo de Zela, a quen se apresenta envolteito na escuridade das tebras para, deseguida, amosarse como portador dunha “rica banda amarilla y roja, con las armas reales, por el estilo de las que usaban los mariscales de Castilla”, capaz de lle outorgar un estilo propio e iconoclasta, mesmo irreverente se se quer, ao seu carácter como “jefe revolucionario” xa abondo recoñecido polos galegos de pro (cf. Vicetto, 1903 II: 49).

O deseño do novo marechal, portanto, non podía ser máis ilustrativo e lecionador. Agachadas parte das virtudes do histórico conde de Lemos Pero Alvarez na imaxe de quen para Vicetto debía ser o verdadeiro conde e señor lemago, “Alonso Lopez de Lemos”, a quen imaxinaría como produto dunha raza sueva de irredutíbeis guerreiros², o protagonismo cabaleiresco, desde os mesmos inicios da novela,

² Na súa *Historia de Galicia*, Vicetto asinalará que a primeira das derrotas irmandiñas, producida no campo de Pedrosa, tivo como protagonista Afonso Lopez

reside de maneira latente en quen acabará por dar nome a unha das propias partes da historia. Mesmo está por riba de figuras como o outro Peralvarez, o de Soutomaior, conde de Caminha e, como el mesmo adoitaba se apresentar, vizconde de Tui³. Vexamos como o Vicetto constrúe a maxia histórica que fai renacer o Pero Pardo:

en medio de aquella ebullición popular que todo lo trastornaba, sin un principio fijo para mañana, sin más propósito que respirar para vivir; en medio de aquella conmoción popular que propendía á destruírlo todo sin edificar nada, creencias, formas y dignidades, como un vívido destello de la igualdad y fraternidad moderna en el oriente de la civilización de las sociedades, se iniciaron tres ambiciones notabilísimas, representadas en otros tantos personajes: el mariscal Pardo de Cela, el vizconde de Tuy, y el padre Ares de Arenillo.

La primera de estas figuras históricas es digna y elevada en nuestras crónicas; y su único anhelo era el de hacer del país un reino independiente del de Castilla, obedeciendo á un santo sentimiento de grandeza provincial que vibraba en su cerebro y abstraía su alma.

de Lemos, “verdadero *Lemos* de Galicia, de pura raza sueva”, pertencente á familia dos “señores de las casas de Ferreira, Sober y Amarante, que no hay que confundir con los Castros, los Enriquez y los Osorios que llevaron el título de condes de Lemos” (Vicetto, 1872: 98). Páxinas adiante, tamén facéndose eco do padre Gándara, de quen confesa tomar certas noticias, no mesmo traballo apunta Vicetto que foi o Lemos quen perseguiu os irmandiños até a vila de Monforte, onde se fixeran fortes. Pouco e pouco foi desaloxando a praza, facéndose dono dela, e en 1494 entregoulla ao conde Pero Fernandez de Castro. Por outra parte, a segunda das derrotas irmandiñas foi a que nos fala de Peralvarez Ossorio, conde de Lemos, sufocando a revolta que o privara do señorío da vila de Ponferrada (cf. Vicetto, 1872: 101-102).

³ As cores coas que o Vicetto diseña Caminha falan dun dezmador de “realistas en las *Rías bajas*” que se dedica a cometer “toda clase de vejaciones y liviandades”, anque “siguiendo, en fin, un sistema de guerra menos noble que el del mariscal” pois “sus aspiraciones políticas eran más bien personales, sin tener en cuenta que carecía de más apoyo que el de la mesnada que le seguía al incendio y al pillaje, como una gavilla de foragidos á su sangriento capitán”. Emporiso, para a voz narrativa de *Los hidalgos de Monforte*: “reverso de la medalla patriótica que representaba Pardo de Cela, el conde de Caminha bastardeó el santo pensamiento de aquella revolución, y desaparece su memoria en nuestras crónicas antiguas, envuelta en el repugnante velo de sus tropelías, venganzas é iniquidades”. (Vicetto, 1903 II: 422-423).

La segunda, pérfida, traidora y egoísta, al mandar demoler todas las fortalezas solariegas de los nobles, encerraba su política en este célebre dicho suyo que nos legó la tradición palpitante de sus crímenes: en Galicia basta mi casa.

Y la tercera, piadosa, astuta y cabalística, tenía la aspiración noble de la primera; pero bajo una forma de gobierno puramente teocrática que destruía la importancia que había sabido adquirirse con sus prácticas cristianas ostensiblemente desinteresadas y beneficiosas (Vicetto, 1903 II: 56-57).

Para a imaxinaría vicettiana, todos eles representaban as arelas dogmáticas que se achaban por tras da voz popular, eran os pilares que “guiaban el espíritu democrático á su albedrío, tratando de utilizarlo en pro de sus ideas de emancipación, con sus discursos evangélicos, fogosos y apasionados, contra el abyecto vasallaje clerical y nobiliario”. Ao marechal, dicía a mesma voz:

lo apoyaban todos los nobles identificados con el movimiento revolucionario, y hasta el mismo vizconde de Tuy, si bien se reservaba éste en su día arrebatarse la corona que pretendía ponerse aquél en la frente (Vicetto, 1903 II: 57-58).

Xa que logo, non é nada estraño que no quinto capítulo desta parte, o titulado “Teocracia, aristocracia y democracia”, se nos apareza un marechal Pero Pardo envolvemento na solenidade a quen, eixe dun acontecemento asemblear, se lle fai traslado de “la nobleza del país pronta á desnudar la espada por su independencia, erigiéndolo en república venturosa”, como o presenta un dos monxes asistentes a unha reunión de “republicanos del siglo XV, graves y melancólicos entonces, como los reyes de la vieja Escocia al tétrico Macbeth” (Vicetto, 1903 II: 69). A intervención do Pero Pardo diseña unha personaxe literaria obsesionada pola idea da independencia que non dubida en expor os seus devezos xusticeiros: antes de prorromper en ameazas – “escarmentaré á todos los que se opondan á la libertad de Galicia” (Vicetto, 1903 II: 71) – asinala como quer submeter á consideración dos asembleares as “ideas de gobierno y administración que deben regir el país al emanciparse de la corona de Castilla” (Vicetto, 1903 II: 70).

A súa forza verbal e o engado máxico que lle permite desdobrar ante o resto de independentistas unha enerxía que semella emanar dun consenso nobiliar fortemente apuntoado axúdase das vantaxes organizativas que, como militar, é quen de concitar e desenvolver cun éxito máis que importante: ao seu lado, pois, sabemos que actúan unhas “mesnadas” de entidade, “las valientes tropas de mis aguerridos capitanes Pedro Bolaño, señor de Torés, y Pedro Miranda, señor del Boulloso”⁴, que mentres o Luís de Abreu submetía as xentes e o

⁴ Pero de Miranda *o cruel* – tamén alcumado *o vello* por ser avó dun Pero homónimo – era, entre outras casas e terras, propietario da fortaleza d’O Boulloso, tamén coñecida como *a casa do Renegado*, unha vivenda edificada en termos parroquiais de Sta. M^a de Conforto no concello de Miranda, no actual municipio d’A Pontenova. Aínda que hoxe non existe nada dos seus vellos orzamentos, o escudo heráldico da casa do Miranda – onde se desenvolven os símbolos da súa caste: un castelo, cinco cabezas de doncelas, unha árbore e unhas barras – custódíase nunha das pequenas ermidas do lugar d’O Vilar, outro dos lugares da mesma freguesía. Cómpre subliñar que tanto o alcume do Pero como o da súa casa d’O Boulloso respondían ao seu carácter arrebatado e a un exercicio señorial principalmente sustentado no labor despótico que, en realidade, practicaban boa parte dos cabaleiros do momento.

A respecto da súa xinea é preciso asinalar que Berenguela Lopez, filla do Afonso *o empozado* de Xermar, casara con Gomez Ares de Miranda, responsábel da edificación do palacio de Vilameá en Goios, no cerne das terras do concello de Miranda – logo chamado de Vilaodríz. Destes foran fillos Constanza Lopez de Miranda e o Pero de Miranda alcumado *o cruel*. Mentres este, que se chamaba parente de Diego de Andrade e era curmán de Fernan Sanxurxo de Montenegro, señor de Támoga, mandaba setecentos homes e tiña cen vasalos, posuíndo unha casa de trinta fidalgos, dos que só a metade montaba cabalo porque era señor de terras bravas; a súa irmá Constanza, que casou con Francisco Diaz Teixeiro, herdou a casaría de Saxens nas ribeiras de Miranda; o lugar de Mañente cos seus casais e a súa torre, o lugar de Rebordaos e o de Tarrío. Pero de Miranda, pola súa banda, casou coa Tereixa de Parga (irmá de Aras Vazquez, pai do marechal Fernan Saavedra e avó de Constanza de Saavedra Vaamonde), procriando con ela Pero de Miranda, Maior de Miranda e Maria de Miranda, esta falecida en 1527 xa casada co marechal Alvaro Gonzalez de Ribadeneyra, que herdou a casa de Goios, por enton refeita e coñecida xa como o palacio de Vilameá ou a casa do Solar de Miranda. Da Maria foi fillo Pedro de Miranda, señor de Guitiriz, Penaflor e Xove e esposo da devandita Constanza de Saavedra Vaamonde. O Pero de Miranda, outro dos fillos do *cruel*, difunto xa en 1563 e esposo de Maria de Bolaño Vaamonde, foi pai de Vasco Rodriguez de Miranda e de Maria de Vaamonde Bolaño, que casou con Johan Martinez Pardo de Donlebun – fillo da casa eonaviega de Donlebún – e morou no palacio de Vilaeimil. E a Maior de Miranda, tamén filla do Miranda *vello*, casou con Lope Nuñez de Ron, con quen tivo Alvaro Nuñez de Ron, Gomez Ares de Miranda,

castelo de Allariz, gañaban a vila e a fortaleza de Melide, “poniendo en vergonzosa fuga al conde de Ribadeo” (Vicetto, 1903 II: 71).

É, porén, o marechal vicettiano quen recompón un engado irmandiño especialmente orientado pola vocación liberadora anticastelá, unha vocación androcentricamente militarizadora que, sempre e unicamente entendendo de forza e valor masculinos, bascula o fidel da xustiza humana cara a unha independencia territorial fóra do realismo absolutista que está a padecer, mais seguindo un programa – un “ingenioso mecanismo” que para Vicetto se orixinara e se alenta grazas ao señor d’A Frouxeira (cf. Vicetto, 1903 II: 73) – que, xa que

viciño de Coeses en Meira; e Pedro de Miranda y Ron, que en 1563 funda unha misa cantada na capela da Virxe Vestida de S. Francisco de Ribadeo. O tal Gomez de Coeses, pola súa parte, casou coa súa prima-segunda Ines Lopez Teixeyro, con quen tivo Álvaro Díaz de Ron e Mateo Teixeyro. Ela era irmá de Pero Pardo de Zela, o fundador do vínculo da casaría de Cellán de Calvos, e ambos fillos de Fernan Diaz de Castroverde, irmán de Alvaro Gonzalez Teixeyro, de Sancha Fernandez Teixeyro de Aguiar – esposa de Pero de Saavedra *o mozo*, señor de Taboi – e de Lope Diaz Teixeyro – pai de Constanza de Aguiar, esposa de Diego Sanchez de Ribadeneyra (irmán de Pedro de Miranda e ambos fillos do marechal Ribadeneyra), que foi señora da casa de Teixeyro na parroquia do Sto. Adrao de Lourenzá e dos coutos d’A Veiga, Moxoeira, Rego do Paxaro, Rececende e Vilaseca, estes dous últimos mercados a Leonor Ossorio. Todos os referidos – Alvaro, Lope, Sancha e Fernan – ficaran por fillos da Constanza Lopez e o Diaz Teixeyro.

Pola súa parte, Pero de Miranda e a súa esposa Maria de Bolaño Vaamonde, señores do palacio de Vilaemil, están soterrados nun monumento funerario dentro do mosteiro de Meira, un monumento rematado en 1520 por mandado da Maria e no cal se gravaron os símbolos heráldicos dos Miranda-Bolaño Vaamonde (un castelo, un bolo e un año, un peixe). A herdeira desta parella foi a Maria de Bolaño que casou co Donlebún descendente da Elvira irmá do marechal, pais de Pedro de Miranda de Ron fundador dos morgados da casa dos Mirandas – realizados, respectivamente, a carón das súas esposas, Sancha Fernandez de Andrade y Montenegro e Madalena de Ribadeneyra, en 1557 e 1572. Unha das fillas destes últimos, de nome María de Miranda Ribadeneyra, a sétima chamada ao morgado dos Mirandas-Ribadeneyra, despois de rexeitar dos votos eclesiásticos casou con Afonso Mendez de Gromaz, da casa da Corredoyra en Vilaemil, tendo con el Pedro Méndez da Corredoyra, que foi pai de Anxel Fernández da Corredoyra, quen marchou viver ao couto de Pena de Cabras – en 1642 propiedade de seu tío-segundo Pedro de Miranda Ribadeneyra, neto de seu bisavó Pedro de Miranda de Ron – e, recollendo o primeiro apelido de Clara Fernandez de Xinzo, súa bisavoa paterno-paterna, constituíu o tronco familiar dos Fernández Couso que a comezos do século XX asentaron na cidade de Lugo.

logo, non vai dubidar nin un ápice en derramar o que fose preciso para lograr os obxectivos sacralizados:

mis brabos capitanes, continuó el mariscal, recibieron la orden de batir al Adelantado Mayor de Galicia D. Pedro Villandrando, conde de Ribadeo, en tanto que yo, deseando castigar la alevosía del conde de Monterroso, caí sobre su castillo y sepulté su arrogancia y su realismo entre sus escombros. – De esta manera, la revolución que nació en mis torres de Adelán y la Frouseira, llega al centro de Galicia y se prepara á invadirla por entero y derribar bien pronto el poder afrentoso de unos reyes que nos guardan menos consideración que á los moros que cautivan.

”Desde Monterroso, hermanos, hasta Monforte, ya no me queda más que una jornada; pero en Monforte no es tan fácil de rendirse, no es tan accesible como Ribadeo, Friol, Baamonde, Mondoñedo, Puertomarín y otros pueblos y castillos sobre cuyas ruinas hemos clavado nuestras banderas sacrosantas. La toma de Monforte me ocupa hace más de dos años. Inexpugnable y guarnecido, un cerco sería una derrota; una sorpresa, una victoria.

” Pero ha sonado ya la hora de esta victoria; y los hermanos de Galicia la obtendrán sobre los realistas. Mis soldados acamparán uno de estos días en las montañas de Ousende, Orense me ofrece ochocientos soldados, y las almenas de Monforte, y las cabezas de los condes de Lemos y de Monterrey, se rendirán al grito de: ¡Deus fratresque Gallæciæ! (Vicetto, 1903 II: 72-73).

A imaxinaría literaria que subxace na pintura dun marechal que arenga os compoñentes “de aquela asamblea republicana” (Vicetto, 1903 II: 73), desta forma, asenta nos mesmos filosofemas e ideogramas en que xa, semella que cun éxito notábel, asentara a ideoloxía monarquista dos reis da Galiza que, pouco e pouco, foran abrindo o seu reino cara a territorios máis e máis grandes, mais, iso si, posibilitando que cambiase de rota e, con ela, de epicentro imperialista. O Pero Pardo, ademais, fai que o seu auditorio poida visualizar uns sacralizados guerreiros que, portadores duns símbolos igual de sagros – esas “banderas sacrosantas” polas que,

prototípicamente, clamaban as arelas conquistadoras das monarquías peninsulares – , non están facendo outra cousa que desenvolver o destino para o que foran construídos. O Valadouro, entanto, transmútase en centro e en eixe da mesma maxia que preside tal actuación: e as casas de Adelán e A Frouxeira queren ser traslado do cerne en que se orixinan as arelas liberadoras, queren ser centro da Galiza fiel coa súas propias realidade e necesidades, cun diferencialismo que, portanto, vén nacer na esencia mesiánica dun Pardo de Zela mitificado, apóstolo da raza e directamente elixido para liberar o seu territorio; non en van el, que ben o sabe, é capaz de facer xuramentos como este:

juro [...] y conmigo todos los nobles que represento, derramar hasta la última gota de sangre por erigir en reino el abatido y oprimido reino de Miro XV y de Leovigildo III, sin que una espada extraña brille entre nuestras espadas. Dios, á quien apelo, me lo tome en cuenta, y sinó, me lo demande ⁵.

⁵ O parlamento anteriormente recollido é a causa de que o imaxinado lema irmandiño cobrase importancia como xurdido dun programa propriamente ideado polo Pero Pardo, por un Pardo de Zela apostólico e portanto estreitamente aproximado á imaxe dun Santiago non mata-mouros precisamente, senón unha figura verdadeiramente santificada como mata-realistas: ben se sabe que os santos e santas, malia que estreitamente aproximados á divindade e por iso expoñentes de todo tipo de virtudes, non por selo van refugar do amoso e/ou o exercicio de calquer tipo de violencia para conquistar a implantación da súa tamén santa causa. Por este parlamento, de resto, comprobamos como á imaxinaría romántica, mais particularmente á vicettiana, debemos a mitificación do país do Valadouro, e en especial a das casas fortes d’A Frouxeira, o Castrodouro e Adelán, como traslado do espírito diferencial que, segundo o pulo dos xa referidos brandanismo e sebastianismo, nos ha conducir indefectibelmente a unha liberación territorial agardada durante séculos e, a maiores, merecida. Deseguida, unificando arestora os intereses guerreiros cos políticos e eclesiásticos – o cal non facía máis que testemuñar a intensidade da alianza da tríada dos poderes do Antigo Réxime – , desenvólvese a imaxe dun crego, o padre Ares, que na asemblea asinala a necesidade de considerar que a emancipación de todo pobo non só deriva dos “campos de batalla, sino también desde el fondo de un gabinete, de una celda”: emporiso presenta senllos pergameos nos que dá contas do firme apoio do Papado e do rei portugués “D. Juan II el Grande” á causa independista (cf. Vicetto, 1903 II. 78-79). E por suposto, ben pola influencia dos establecementos ideolóxicos do momento, ben por propio convencimento e adquisición dos criterios monarquistas, o Pardo de Zela vicettiano, anque entre “republicanos”, non dubida en solicitar “un rey de Galicia para Galicia”, asinalando que “nada puede convenirle á nuestra querida

Nunha orxía bélica que vai acabar con boa parte dunha nobreza galega estreitamente derivada do mesmo brillo suevo xenético que alentaba a ideoloxía marechaliana, Vicetto debuxa a fin das irmandades da Galiza en redor das figuras de Roque das Mariñas, “el jefe de los *mariñaos*, como llamaban á los demócratas de las orillas del mar que le seguían”, baixo cuxo palio se reunían artesáns, peixeiros e labregos; e o propio marechal Pero Pardo, “el cual había logrado reunir bajo su pensamiento de república y bajo su propósito monárquico, los restos dispersos de aquellos dos grandes partidos tan comprometidos ya en el movimiento revolucionario” (Vicetto, 1903 II: 421), isto é, os bandos nobiliar e teocrático. Chegados a este momento, e porque o mesmo devir histórico do marechal así o requería, a enerxía cabaleiresca da súa mitificada figura tórnase segundo a conciencia dun mártir:

ciudades, villas y fortalezas se adherían de día en día á sus ideas, proclamando la independencia de Galicia: y sus pequeños tercios se acrecentaron en poco tiempo de tal modo, que los arzobispos, obispos, marqueses, condes y demás dignidades realistas, viendo cuán impotentes eran sus esfuerzos para contener aquella rebelión, huyeron á Medina del Campo ó á Valladolid, á donde acabaran de regresar los Reyes Católicos después de la conquista de Granada (Vicetto, 1903 II: 421-422).

Moito lle debeu agradar ao Vicetto tanto o achado das por entón recentes novas fornecidas por un viveirés como a imaxe que nelas se contiña a respecto da figura dun marechal que morría defendendo un

patria, después de hacer pedazos sus cadenas, que una corona en la frente de un hermano de Galicia”. Claro que a resposta a tais devezos foi negativa, pois como apuntou un dos assembleares, o Fernán de Amande, “los hermanos de Galicia no quieren rey” (Vicetto, 1903 II: 74). Nembargantes, a mesma tradición galeguista quixo retratar un marechal capaz de loitar contra a coroa de Castela nunha fronte que remataría por instaurar un rei galego no territorio, un rei galego que, ademais, finalmente acabaría por se identificar coa persoa do propio marechal lugués. O mesmo historiador da Ferrolterra destacou como “aqueel hombre en quien por último se personificara la revolución”, segundo as consideracións dun historiador – que tamouco nomea –, “había visto una corona en sueños [...] y después de tantos años de vanos esfuerzos por conquistarla, su ambición y sus deseos de emancipar el país, perecieron en un cadalso, donde espiró también el postrer grito de *¡Deus fratresque Gallaciae!*” (Vicetto, 1903 II: 431-432).

ideal liberador, estreitamente aparentado ao dos irmandiños, disidente cara ao autoritarismo monarquista emanado do proxecto trastamarista da Isabel I. Esta nova dimensión, pois, casaba máis que ben coa imaxinaría mesiánica coa que o ferrolán trataba de xulgar o señor d'A Frouxeira ⁶. Así pois, segundo tal pintura, Vicetto recriou un fidalgo eminentemente guerreiro que, en cumprimento dun destino semella que deseñado por unha forza divina, “fué batido repetidas veces por las huestes castellanas que mandaran contra él los Reyes Católicos” e que “tuvo que refugiarse á las montañas de Mondoñedo, sentando sus reales en el castillo de la Frouseira, situado en la cima del elevado monte del mismo nombre [...] no obstante estar aún por él Lugo, Vivero, Ribadeo y otras ciudades y villas principales” (Vicetto, 1903 II: 424).

Dado, como digo, o axuste da visión do Revellón coa súa propia idealización, o ferrolán deixou falar o viveirés, que non en van era o primeiro investigador que, tras unha intención e uns condicionantes explicitamente históricos, se propuxera avaliar a dimensión real do marechal mais desvirtuándoa en dirección a unha sacralización que, non obstante, estaba xa fortemente edificada tanto na tradición popular dos países galegos que baña o mar de Lugo como na propia tradición familiar dos descendentes pardozelianos. Revellón Ossorio, por suposto, era bo coñecedor de ambas tradicións, unha que percorría o imaxinario colectivo do país do Landro e outra que sobrevivía, amais através dunha gabanza de caste nada

⁶ Vinte e un anos tardou o Benito Vicetto en recoñecer publicamente que a historia do encarceramento e a morte do Pero Pardo, escrita por “un biógrafo moderno del mariscal Pardo de Cela” (Vicetto, 1903 II: 424), pertencía ao viveirés Ramón Revellón Ossorio: del son, pois, uns “apuntes inéditos de la vida del mariscal Pardo de Cela” – que na *Historia de Galicia* di datados en Mondoñedo en 1848 e dos que confesa terllos adicado o seu autor (cf. Vicetto, 1872: 90, n. 2) –, aos que alude nunha carta que lle dirixiu ao seu amigo Cano e que incluíu como epílogo da obra (cf. Vicetto, 1903 II: 448). O Lence-Santar apunta que tais apontamentos foran publicados nas pp. 44-50 da compostelá *Revista Literaria* en 1848 (cf. Lence-Santar Guitián, 1930: 4). Contodo, mais se ao feito da reprodución vicettiana das consideracións do Revellón engadimos o que nos fala de como o ferrolán anotou que a edición sevillana de *Los hidalgos de Monforte*, a primeira que viu esta obra, era de 1852 (cf. Vicetto, 1872: 93, n. 1), cando en realidade pertencía a 1851; cómpre asinalar que, como vemos, quizais a memoria do historiador de Ferrol non fose moi boa.

desprezável, no maxín dos Ossorios Bolaño do pazo do Vilar en Sargadelos, caste á que, por nai, pertencía ⁷. É, pois, ao *atelier* doméstico de Revellón Ossorio ao que pertence unha mitificación marechaliana adubada cun sal ofrecido por un historiador sabedor da explosión irmandiña da Galiza medieval mais que, apesar de todo, decidiu criar un mundo sacralizado que, ignorante el, ao pouco ía constituír o selo dun dos máis ferventes programas iconográficos e ideolóxicos xa non do Romantismo galego senón da propia Etapa Contemporánea inteira, o do noso marechal liberador.

Para Revellón, e xa que logo para Vicetto, coa chegada dos mandatarios rexios ao centro dunha Galiza semella que ensumida nos desordes e a convulsión máis extrema, o proceso e a causa condenatoria ao delituoso Pero Pardo obedecía a uns intereses emanados de quen, principalmente, se movían perseguindo todos os que non se “sujetaran á la autoridad real”. Esta é, portanto, a chave do carácter do novo marechal galego revelloniano, capaz de nos descubrir un levantadizo fidalgo que, ademais de rebelde e irredutíbel, sente como ninguén a chamada da vaidade e da imperturbabilidade de ánimo, trazos que novamente remeten a unha enerxía suévica de carácter inzada polo máis simples dos aristocratismos guerreiros:

el sentenciado reo, lejos de sus propósitos y de impetrar la clemencia de Sus Altezas, llevó al extremo su rebelión, haciéndose fuerte en su castillo de la Frouseira; y aquellos, para lograr su ocupación y la prisión del mariscal y secuaces, enviaron con la fuerza necesaria al capitán Luis Mudarra, francés de nación, que estaba al servicio de España. Muchos

⁷ Así, á parte da forza que, como tamén ocorreu noutros países da Galiza, o proxecto marechaliano deitou no aparello literario popular do país do Landro; neste caso temos de lembrar a que as lendas responsábeis do carácter mítico do Pero Pardo imprimiu na caste mariñá dos descendentes pardozelianos. Desta forza emana o xa referido texto “Noticias del Mariscal Pedro Pardo y su Descendencia” (cf. Pardo de Cela, *circa* 1780), así como varios documentos que, en chave xenealóxica, trataban de reconstruír a conexión xenética que “la Cassa y Sres. de Burela” tiña co marechal baluro: os Burelas proviñan dos donos da casa de Carbarcos e tras aparentar cunha Bolaño de Torés, orixinaron os Ossorios Bolaño do Vilar de Rueta e os Bolaños Ossorio de Burela. Tais lendas familiares emanaban do mesmo interese que produciu a serie documental que, segundo varias versións, coñecemos co nome xenérico de *Relazón da carta xecutoria*.

parciales del mariscal, conociendo que en su apurada situación no les salvaría el más temerario empeño, y temiendo ser envueltos en una terrible proscripción, y en las consecuencias de una inevitable derrota, le abandonaron en tan crítico trance, humillándose á la autoridad de los agentes subalternos del trono.

”Convencido el precitado capitán Mudarra, que el ataque al castillo de la Frouseira, y su ocupación á la fuerza ofrecía inminentes riesgos, por la topografía del país y el carácter feroz é indomable de las gentes de armas que le defendían á las órdenes del impertérito caudillo, prefirió á las operaciones militares un medio sagaz que, sin efusión de sangre ni descalabros de ningún género, apresurase la prisión y ruina de su contrario. Este medio fué el soborno de uno de sus criados, el cual corrompió á otros hasta el número de veintiuno, que obcecados vilmente por la ambición, se comprometieron á entregar á su señor, recibiendo en premio el perdón y las dádivas que se les ofrecían (cf. Vicetto, 1903 II: 425-426).

Mesmo a imaxe dun movemento irmandiño republicano – claro que entanto que ao seu trasluz proxectábase un asunto relacionado coa *cousa pública*, non co eido señorialista nin teocrático – derivaba das percepcións e do programa de Revellón:

la noche del 7 de Diciembre de 1483, ha sido fatalísima para el mariscal. Su poder, su gloria y sus victorias terminaron en ella para siempre, y el movimiento republicano de Galicia terminó también con él, hasta que reapareció en el año de 1845 (cf. Vicetto, 1903 II: 426).

A imaxinaría revelloniana condúcese por uns vieiros literarios especialmente scottianos cando, como despois fará o Vicetto, recrie o asedio da casa d’A Frouxeira desde un parlamento poético no que vemos o marechal “reposando [...] en su lecho” e “embriagado tal vez con el placer que le inspiraba la idea de la inalterable fidelidad de sus súbditos y la timidez de sus enemigos”, nun espazo no que, suavemente, reinaba “el silencio de una noche tenebrosa” só pervertido polas tebras dunha traizón capaz de posibilitar o apreixamento do “desgraciado Pardo de Cela” e parte dos seus afectos seguidores. Esta romántica imaxe é a que a propia cultura da Galiza

contemporánea nos transmitiu, amais dunha forma e cun carácter capaz de retocar e readaptar os mesmos relatos tradicionais que xa poboaban o acervo de transmisión oral.

Dos textos familiares, Revellón recupera a fuxida do meiriño mindoniense Alvaro Garcia – segundo o de Viveiro “puesto por aquel [o marechal]” – , quen ao saber das más novas que se cinxían sobre o d’A Frouxeira, decidiu escapar da cidade episcopal. Tamén recupera a imaxe dunhas autoridades temerosas de que “Pedro Bolaño, señor de la casa de Torés, y Pedro Miranda, de la fortaleza del Boulloso, parientes del mariscal y residentes en puntos no muy distantes de la ciudad”, organizasen unha contradefesa a prol da liberación de seu compañeiro, capaces de apurar a sentenza de morte e executalo sob o escarnio público – anque para lle dar máis dramatismo decidise apuntar que nin tempo tivera a ditar testamento e que se resignara a morrer “con señales inequívocas de su fe religiosa, por cuya consideración, sus restos mortales fueron sepultados junto al púlpito del Evangelio y puerta de la capilla mayor de la catedral” (cf. Vicetto, 1903 II: 428) – , e, así mesmo, presenta na historiografía a lenda da adquisición do indulto por parte da Isabel de Castro. Mais antes de reproducila, en nota a rodapé o Vicetto quixo apelar á tradición popular, a que confirmaba a existencia dunha rúa mindoniense “que se llama la del *Pasatempo*”, denominación debida “á que en ella detuvieron los realistas al correo que traía el perdón para el mariscal, mientras á este le cortaban la cabeza” (Vicetto, 1903 II: 428, n. 1). Conta, pois, o Revellón que a Isabel:

sabedora de la prisión de su esposo, y temiendo el trágico fin de sus días, doña Isabel de Castro, que á la sazón se hallaba en Valladolid, donde también estaban los Reyes Católicos, sin duda gestionando el indulto, después que contra el mismo recayera la imposición de la pena capital, inconsolable y atormentada del más acerbo dolor, se prosterna á las reales plantas, pide con fervientes plegarias un rasgo de clemencia en favor de su consorte, y aun llega á ofrecer una inmensa suma de dinero por el rescate de una preciosa existencia, á quien consagraba toda su ternura, todos sus desvelos; más la reina de Castilla la despidió con esta contestación: – “Dios me hizo reina para administrar justicia y no para venderla.”

” Transcurrido algún tiempo, y atenuada ó desvanecida la prevención de algunos magnates contra el ajusticiado mariscal, su viuda acudió á la real chancillería de Valladolid, quejándose del juez que dictara la sentencia de muerte, y pidiendo la restitución de los bienes que le fueran confiscados, lo que se le otorgó con excepción de los pertenecientes á la mitra, á pesar de la oposición del fiscal del fisco, á quien se diera traslado de su demanda, logrando además la declaración solemne y judicial de que la muerte de su esposo no dejaba borrón alguno en su descendencia, que efectivamente entroncó con la más ilustre nobleza del país, siendo igualmente declarados perjuros y traidores los súbditos que villanamente le vendieran, con la inhabilitación para ser testigos en toda clase de probanza (cf. Vicetto, 1903 II: 428-430).

Antes de reproducir as daquela xa famosas endechas “que desde entonces [**desde a propia morte do Pero Pardo**] se cantan en el país, compuestas en su propio dialecto”, o ferrolán transcribe o parágrafo onde Revellón Ossorio falaba do derrube da fortaleza da Pena d’A Frouxeira e dunha “enorme cadena de hierro” que da casa do marechal, contaba a tradición que fora trasladada ao cárcere de Mondoñedo, onde “aún se conserva con la denominación de *La Mariscalá*” (cf. Vicetto, 1903 II: 430). Mais declaradas ficcións á parte – aunque, en realidade, non fosen elementos tan declaradamente ficcionais – , arestora vamos ver como é grazas ao interese vicettiano – que nisto facíase debedor das achegas (e non tan achegas) de colegas como Revellón, Villa-amil y Castro e Álvarez Villaamil – que propiamente se produce o asentamento do mito marechaliano tal que un dos ideogramas do imaxinario popular galego contemporáneo, o cal, por outro lado, non constitúe ningunha novidade a respecto do mesmo nacemento do aparello mítico pardozeliano, un aparello xestado á calor da preocupación e dos intereses da familia do asasinado militar baluro.

Debemos ao Félix Álvarez Villaamil ⁸, quen amais de ser valadourán – feito polo que a súa exposición á tradición marechaliana

⁸ O xurisconsulto Félix Álvarez Villaamil (1818-1881), fillo de asturiano e da lourencesa Ángela del Casal Belderraín, era neto materno de Gertrudis de Belderraín

era moito maior – na súa familia tamén se conservaba boa parte da lenda dun marechal enchido de gloria segundo unha fidelidade practicada cara ao bando monarquista lexitimista, o da princesa Xoana da Castela, a imaxe pola que o Vicetto enarborou a bandeira do heroe consciente co seu territorio, loitador contra a iniquidade e, por iso, obxecto da máis abxeta das traizóns. Novamente grazas ás referencias familiares conservadas nas maos dos seus descendentes – agora através do interese de Saavedra Ribadeneyra de Taboi, que reproduciu a *Relazón da carta xecutoria* – é como coñecemos os nomes dos “traidores”, é como a tradición da Galiza sabe manter vivos os nomes e as procedencias de quen *vendeu o marechal e a súa casa*. Deixemos, novamente, falar Vicetto, mais esta vez por boca do Álvarez Villaamil:

Ponze de León, tamén neta materna, á súa vez, do ortigueirao Julián Piñeyro Ponze de León y Teixeyro, procedente dos Saavedras de Taboi, dos Pargas de Guitiriz – através dos Adornas ou Ousás, unha das súas pólas descendentes – , dos Teixeyros lucenses, dos Montixos de Neda e dos Ponzes de León do pazo de Brandaliz en terras de Ortigueira, un senlleiro edificio palaciano que inspirou a Elena Quiroga de *La sangre* e o Alberto Insúa de *El triunfo*. Precisamente por estes Ponzes de León, Álvarez Villaamil descendía do sarxento mor de Ortigueira e Viveiro a comezos do século XVII Fernando Ponze de León Rubiños y Pardo de Lago – fillo de Gaspar Ponze de León, alcaide da fortaleza de Moeche e meiriño e monteiro mor de Cedeira, e neto paterno de Pedro Ponze de León e de Catalina Pardo de Lama – e de Juana Pardo de Zela, que viña sendo tía-segunda de seu esposo. Estes foron os bisavós do Julián Piñeyro. A Juana, pola súa parte, era filla do tamén sarxento mor dos devanditos lugares Bartolomé Pardo de Zela e de Aldonza Pardo de Zela y Lama, irmá da Catalina Pardo de Lama e ambas vástagos do primeiro propietario da torre de Sanfiz en Sta. M^a de Mogor (Mañón), Johan Nuñez Pardo de Lama, que faleceu en 1587. Este cabaleiro era fillo de Roi Sanchez da Lama, III cabeza do morgado da torre e do lugar da Lama en S. Cristovo d’As Ribeiras do Sor, así como de Catalina Nuñez Pardo de Zela Parga, coa que casou, xa viúvo de Urraca Fernandez, en 1509. Ambos, o Roi e a Catalina, como xa aponteí, son tamén décimos-avós da condesa Emilia Pardo Bazán. Roi, que testou en 1568 e viviu máis de oitenta anos, era fillo do propietario da torre de Lama e de Ines Lopez Teixeyro Ossorio y Serantes, mentres que a Catalina o era de Pero Tenreyro do Belote e de Violante Nuñez Pardo de Zela, a quen procriaran Fernando do Lago Pardo de Zela y Parga – herdeiro de Fernan Ares de Parga e de Sancha Nuñez Pardo de Zela, seus pais, señores da casa e couto de Baltar en Narón – e Violante Nuñez de Zela, esta unha das fillas do Johan Nuñez Pardo de Zela *o vello* e da Tereixa Rodriguez pais do marechal Pero Pardo. Por esta presenza de Pardos de Zela nas redondas próximas aos míticos Farallóns ortigueiraos, o marechal recrutaba entre os seus vasallos máis chegados xentes procedentes do condado de Sta. Marta e das terras do Sor.

envalentonado el mariscal [...] salió con los souyos de la fortaleza, dejandola entregada à veinte y dos criados; pero correspondieron tan mal estos hombres á la confianza que de ellos hiciera su amo, que la vendieron á sus enemigos.”

“Por fortuna se conservaron la naturaleza y nombres de los traidores en una relacion, escrita por entonces, y publicada en lengua gallega [...] Consta, pues, de esta relacion que los espuestos criados fueron: Juan Garcia Transformelos, y Alonso Alvariño, de las puentes de Garcia Rodriguez; – Pedro Lopez, de Vicedo; – Alfonso de Santa Mariña y Alonso Barba, das Negradas de Sor; – Gomez de Maurelle, Roy de Mera, Marcos de Canada, Pedro Merlon, Juan Bermuz, Roy Bermuz y Justo Bermuz, del condado de Santa Marta; – Juan das Mangas del concejo de Viveiro; – Fernando Juncal, da Lama de Momán; – Gonzalo Juncal, de junto á Meira; – Roy Cofano, Pedro Valadouso, Fernando Fondaya, Juan Martiz do Vacoy, Fernando Viladalle, un tal Cirico y Rapatús Sonambas, de Baro, en Asturias; – y por fin una tal Elvira de la parroquia de Muras.” (cf. Vicetto, 1872: 191)⁹.

⁹ Trátase dunha nómina que, segundo comprobamos polas copias da *Relazón* e as do texto de Domingo Vidal, fica establecida na seguinte listaxe: Fernan Garcia Taforneles, oriundo d’As Pontes; Pero Lopez, natural d’O Vicedo, concretamente xunta á Aldea de Riba; Afonso de Santamariña, d’As Negradas do Sor; Afonso Alvariño, tamén nado n’As Pontes; Gomez de Mourelle [“Maurole”, “Mourelle”], Roi de Mera, Marcos da Canada, Pero de Merlon, Johan Vermuz, Roi Vermuz e Justo Vermuz, estes sete procedentes de Sta. Marta, máis en concreto do lugar d’As Tramerias; Afonso Barba, nado nas Grañas do Sor [“Granas do Iol”]; Johan das Mangas, do concello de Viveiro; Fernan do Xuncal [“Guncal”], nado a rentes d’A Lama do Momán; Roi Cofano, do Valadouro; Pero do Valadouro [“Valedouro”], Fernan Fondaia [“Fondaya”, “Pondaya”], Johan Martiz, de Bacoí; Fernan de Viloalle [“Biladelle”, “Vilavalle”, “Villao Alle”], un home chamado Carico [“Carrizo”] e outro Rapatus Sonambas – é de supor que ambos son alcumes – , os dous naturais de Vares [“naturás do Baro na Sturias”]; Gonzalo do Xuncal [“Juncal”], nado en Albán, a rentes do mosteiro de Meira, e Elvira de Muras [“Eléixa de Muras”], natural da freguesía homónima. Ademais da prohibición de actuaren como testemuñas en xuízo, “toudos, e seos descendentes pagan na casa sinás da sua traçon, con vn vellon de laa, e dois capois por fumes” (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 358; Filgueira Valverde, 1966: 75-76; *Ypues sehadado noticia ...* s.d., circa séc. XVIII e s.d., circa 1803: 4-5). Contodo, a respecto deste último extremo, segundo asinalou o Álvarez Villaamil, o feito da imposibilidade da actuación como testemuñas xudiciais máis ben refere unha nova sen fundamento, portanto irreal, en primeiro lugar porque se trata dunha “pena que no tiene conexión con el delito;

Debemos, amais, ao valadourán a fixación dos ‘contos’ – así os denominaba el, mentres para o Vicetto o asunto das condeas dos viciños da Terrachá do Valadouro era algo fora de calquer fabulación, portando pertencendo ao eido do real (cf. Vicetto, 1872: 195, n. 1) – que a tradición recriou sobre o devir dos derradeiros momentos do Pero Pardo. A través deles é como, en realidade, se fixou a enerxía da conciencia colectiva que desdobra un home mítico sobresaliente para a imaxinaría dos países da Galiza do N. Segundo esta, porén, a figura do militar lucense asasinado logo dunha condea froito dun proceso xudicial substentado nunha actitude por rebelión, redignifícase por meio da historia dun home obxecto dunha campaña artellada pola envexa e o rancor fidalgos, especialmente os mantidos pola esfera clerical mindoniense, que é presentado coas cores da inocencia. Malia que, como anotou Villa-amil y Castro, “dióse sentencia que declara que [o **marechal**] *murió por cruel é poderoso*” (cf. Vicetto, 1872: 194, n. 1), a tradición, di Álvarez Villaamil, sanciona como:

el Mariscal fué indultado por los reyes, y [...] sus enemigos salieron al encuentro al correo, y cerca del puente de los Ruzos, extramuros de la ciudad [de Mondoñedo] y sitio de Pasatempo, lo entretuvieron con preguntas y otras conversaciones mientras ajusticiaban al indultado. Para ser cierto este hecho, era preciso que el correo fuese cómplice y no engañado segun se asegura; porque el que lleva comisiones de esta especie recibe orden terminante de ganar horas y no pararse con nadie 10. También

porque jamás la tuvieron la traicion y la falsedad”, e en segundo porque non ten sentido que os d’As Pontes, O Vicedo, Sor, o condado de Sta. Marta e outros lugares “no fuesen comprendidos en la misma condenatoria” (cf. Vicetto, 1872: 194).

¹⁰ É propriamente a José Villa-amil y Castro – quen explicitamente recoñeceu “conozco muy detalladamente la vida del mariscal” (cf. Villa-amil y Castro, 1888) – a quen debemos a imaxe dunha Isabel de Castro que, tras lograr o asinamento do indulto da mans da raíña, súa prima, en Valladolid, corre á Galiza para impedir que se cumprise a condea imposta ao seu esposo. Contodo, son os uns sacerdotes enviados polo bispo os que, nos extramuros de Mondoñedo, na ponte dos Ruzos, no lugar do Pasatempo, deteñen a carruaxe da esposa do marechal para tratar de executar a sentenza. Mesmo na imaxinaría colectiva actual dos mindonienses, a ponte na que a tradición coloca a Isabel entretida polos curas recibe tal nome porque nela foi onde se lle fixo pasar o tempo en balde á muller dun home que non tiña por que ser asasinado. Así, segundo recolleu Villa-amil: “cuéntase que doña Isabel alcanzado el perdon que apetecia, pónese precipitadamente camino para impedir la ejecucion de los nobles reos; pero sospechandolo su enemigo el obispo don

afirma que Pedro Mirauda [sic] y Pedro Bolaño, luego que supieron la prision de su primo, concibieron el proyecto de sacarlo á la fuerza de la prision; y que bajando con su gente á la ciudad, y llegando á ella, momentos despues de la ejecucion, se incomodaron tanto al ver frustrada su empresa, que trataron de matar al Alcalde mayor, y que éste escapandose hacia la costa, y embarcado ya para salvarse, fué tan poco feliz que estando la mar en calma, sin salir aun de la vista del puerto, y de la de sus persiguidores, se hundió la nave con él y los que le conducian 11 [...] Tampoco omitiremos la noticia de que cortada la cabeza de Pedro Pardo rodó por si misma, y atravesando el tablado, la plaza y el àtrio, se metió en la catedral recitando en alta voz el credo (cf. Vicetto, 1872: 195-197).

Contodo, “esta fué una simple invencion del clero, no del pueblo, para hacer ver que el mariscal muriera arrepentido de atentar á los bienes de la iglesia” (Vicetto, 1872: 197, n. 1). Xa que logo, como segue a asinalar o Vicetto, “alguna vez el pueblo habia de poetizar ó santificar á una víctima del clero, valiendose de las mismas

Fadrique, manda activar su venganza (que mas era venganza que castigo, cuando asi atropellaba por la clemencia de los reyes); mas no la activó tanto que no avistase la ciudad la desdichada señora en los momentos de salir para el suplicio su esposo é hijos.

En el primer lugar que hay á la salida de los arrabales de Mondoñedo por el camino de Castilla, enviados del obispo y Señor de Mondoñedo, y aun de carácter sacerdotal, salieron á antretener á la doña Isabel, y á hacerla *pasar tiempo*, mientras las cabezas de los ya indultados eran desprendidas del tronco por la cuchilla del verdugo. Hoy conserva aun este lugar dos memorias de aquel suceso, UNA CRUZ, y el nombre de PASATIEMPO” (cf. Vicetto, 1872: 195, n. 2).

¹¹ O mesmo Álvarez Villaamil non quer dar por boa esta nova, pois nin o Pero de Miranda nin o Pero de Bolaño eran quen de desenvolver ningún tipo de xenreira cara a alguén que non tiña participado na causa nin no apreixamento de seu parente e sogro o marechal Pardo de Zela. Deseguida fornece o periplo narrado polo Revellón, quen destacou que estando Mondoñedo sen meiriño e temendo un levantamento dos dous Peros – o Miranda e o Bolaño –, o Chinchilla apresou a execución do militar baluro, “sin darle tiempo á preparar sus decargos y defensas, *ni permitirle la disposicion de su última voluntad*” (cf. Vicetto, 1872: 196, n. 1), o cal, sen dúbida, aínda daba máis dramatismo ao periplo marechaliano.

milagrerías estupeadas [*sic*] con que este le había educado desde muy antiguo” (Vicetto, 1872: 196, n. 2)¹²; polo que, en definitiva:

lo cierto es que e mariscal fué asesinado inocentemente por sus enemigos, – pues, como dice la tradición en su lenguaje poéticamente expresivo respecto á los que le vendieron en el Valle de Oro:

Eles quedan por tredores
é seu amo po leal,
pois os reis á seua filla
seuas terras mandan dar (Vicetto, 1872: 197, n. 2).

O mesmo Álvarez Villaamil explica que:

estos cuentos tradicionales demuestran únicamente que el Mariscal Pedro Pardo tenía muchos amigos y partidarios, los cuales queriendo hacerlo pasar á la posteridad como un mártir, confundieron la verdad histórica con relaciones milagrosas, y coincidencias raras é inverosímiles (Vicetto, 1872: 197-198).

“Su gran crimen para ciertas gentes, fuè el haberse colocado frente á frente del clero. Ni mas ni menos”, Vicetto *dixit* (Vicetto, 1872: 198, n. 1). Emporiso xulga, con Villa-amil e Revellón, como a

¹² Neste mesmo eido debemos incluír *o recurso do fillo morto*, que así mesmo vén dotar dun dramatismo aínda máis grande que o anteriormente asinalado a historia do apreixamento e asasinato do nobre lucense. Emporiso conclúe o Vicetto: “cuantos escribieron à cerca del mariscal, así como las diferentes tradiciones que vibran aun de él en el norte de Galicia, todos y todas están conformes en su entereza al inclinar la noble frente en el cadalso, sufriendo dos muertes à la vez con heroísmo: la suya, y la de ver agarrotar al lado á su hijo, jóven de 22 años [...] resulta determinadamente que así su inocentísimo hijo como él fueron mártires de la teocracia; de aquella teocracia mucho mas soberbia, cruel y dilapidadora de bienes estraños que soñó serlo jamás el desdichado noble gallego. Los dos crímenes que se arrojan sobre su memoria, fueron los bienes del obispado mindoniense que él disfrutó y su bandera levantada por doña Juana: lo primero no era crimen, puesto que los disfrutaba por donacion pública de un prelado, cuya familia (los Castros) *hacia mas de un siglo que los poseía* en propiedad; – y lo segundo menos, porque la legítima heredera del trono no era Isabel hermana de Enrique III de Galicia, era la princesa doña Juana, la única hija que tuvo este rey, y la cual casada con Alfonso V entrañaba en su bandera ó causa *la unión de España y Portugal*”. (Vicetto, 1872: 204-205).

intromisión marechaliana nos bens da mitra mindoniense non fora tal – senón unha concesión do bispo Pero, descendente do pertegueiro compostelán Pero Fernandez *o da guerra*, quen se apropiara da encomenda de Mondoñedo en tempos de Xoán I, e en cuxo nome a desfrutaba Johan Nuñez Pardo, de aí que quixese, para maior seguridade e alianza, dar en casamento, como daquela se dicía, a súa sobriña Isabel ao fillo do encomendeiro, facéndoo amais novo encomendeiro – , aínda que se a iso sumamos a proxección levantadiza que, especialmente cara aos reis Isabel e Fernando, decidiu exhibir, as causas da súa morte aparecen nitidamente trazadas. Pois “si solo hubiera hecho lo primero, los tribunales de la iglesia lo hubieran juzgado; y estos arreglándose á los cánones de seguro no le hubieran impuesto la última pena”, di Álvarez Villaamil (cf. Vicetto, 1872: 198-199)¹³.

Contos á parte, o certo é que o hipotexto en que se sustenta boa parte do aparello histórico marechaliano, xa non digamos toda a carga mítica que desdobra a forza dun heroe presentado como espello guerreiro de entrega e fidelidade, emana da figura que se deseña na *Relazón da carta xecutoria*, un texto realizado pola propia familia do Pero Pardo para tratar de limpar a memoria de quen consideraban fora obxecto dunha campaña de descrédito tan enorme capaz de acabar coa súa vida e coa súa fortuna nunha das épocas máis convulsas da historia da Galiza da Idade Media. Grazas a esta imaxe, a literatura galega comeza a entender de cabaleiros sobranceados segundo un material mítico propriamente nacional. Non falamos, pois, de nórdicos Imires, Buris nin Burrs; nin de Odíns, Vilis nin Ves. Tampouco falamos de románicos Arturos nin de Galaaces; de Lanzarotes nin de Percevais. Falamos, nembargantes, anque co adubo do noso pasado xermánico, dunha especie de Xilgamés que, como este, asenta na máis simples das realidades: a dun profeta que, aínda que através da peneira

¹³ Trátase dun costume certamente estendido o vulgar que o responsábel da morte do marechal foi o bispo Fradique de Guzman, anotando Vicetto que Álvarez Villaamil foi o único estudioso de seu tempo que non acreditou inteiramente neste extremo por non contar con probas que o avaliasen, mais, iso si, apesar de todo, rematando por consideralo seu principal caluniador (cf. Vicetto, 1872: 200-201), pois “todos los datos que hemos visto, así como la tradicion, convienen en que este obispo intrigó cruelmente en la corte para que los reyes no perdonasen al mariscal” (Vicetto, 1872: 205, n. 1).

do androcentrismo, vai redimir o pobo e conducilo cara á súa necesaria liberación¹⁴. Falamos, en consecuencia, do marechal Pero Pardo, do fillo do señor de Cela.

¹⁴ Ben sabido é que os guerreiros xermanos trataban de emular a audacia de deuses como Odín e Tor, vivindo segundo un código tribal no que os xefes loitaban pola vitoria, mentres os combatentes facíanlo polo seu xefe. A máxima honra masculina, pois, era a morte na batalla, xa que os alí falecidos, recollidos polas valquirias, eran conducidos á sala de Odín ou *Valhaia*, onde segundo a mitoloxía pasaban os días loitando e as noites de troula. Por outra parte, malia que un dos reis sumerios que gobernaron Uruq e segundo unha lenda o construtor dos seus coñecidos muros, Xilgamés, un dos mitos máis recorrentes na mentalidade mesopotámica, chegou a constituír unha das parábolas da máis grande heroicidade e a maior gabanza desmesurada que transcendeu até os temas da épica homérica e os do Antigo Testamento hebreu; non en van, na súa historia achamos as pedras angulares da fe e do sentimento guerreiro que inzou a imaxinaría europea: a separación-fusión do humano e o divino, a natureza absoluta da mortalidade humana e a súa servidume aos deuses e ás deusas, a división e asignación de papeis a divindades e individuos para a conservación do orde fronte ao caos e, finalmente, a necesidade de cumprir con obediencia o papel designado polos entes superiores.

Xilgamés preséntase como unha imaxe óptima, pois estaba feito con dúas partes divinas e unha humana: no seu rostro posuía a beleza do deus do Sol, Xamás; mentres que a valentía do deus das tormentas, Adad, corría polas súas veas. Contodo, como home nado de muller, representaba un vencello especial entre as persoas e o panteón divino. Quizais por este carácter humano, as lendas tecidas en redor do seu periplo apresetanolo como un home portador dos máis prototípicos semas da masculinidade: un guerreiro implacábel, procurador de batallas, asaltante turbulento e alvorozado que, semellaba, se achaba eternamente impelido a establecer novos enfrontamentos co gallo de atopar un contrincante digno de seu carácter cabaleiresco, algo que nunca había suceder. Da intensidade do seu proxecto androcéntrico dá boa conta que, amais desa virulencia guerreira orxiástica, o Xilgamés se aparecese como home capaz de esixir ser o primeiro no leito nupcial de todas as mulleres virxes e conducir á morte os homes en batallas inúteis. Finalmente, nunha desesperada viaxe na procura da inmortalidade – os relatos que a recollen desenvolven unha historia semellante á do Noé e a arca dos animais –, o heroe fracasa traxicamente: pasa os seus días derradeiros nos muros da súa cidade, laiándose de que a vida remate indefectiblemente en morte; e tras o seu pasamento, todos e todas os habitantes de Uruq fican ensumidos no máis imenso dos dós.

Por suposto, nas comunidades africanas – os mundos mitolóxicos dos fon, os san ou coi, os bosquimanos, os pigmeos, os ioruba, os dinka, os siluq, os bantú, os nduande, os ngoní ou os mtetua ben o exemplifican – tamén encontramos mitos guerreiros semellantes, estreitamente achegados á propia historia e polo xeral testemuños de fundacións e/ou unificacións de tribos e comunidades: neles, de resto, rexistramos a estendida presenza de simples monarquías caracterizadas con atributos divinos capaces de, através dun filtro racional, poder contribuír á estabilidade das súas estruturas sociais.

En virtude dun fértil ciclo literario, como apuntou Álvarez Blázquez, tras o seu nome atópase a enerxía dunha carga máis que mítica e senlleira. Emporiso seguindo a mesma imaxinaría que na *Relazón* se presentaba, o pontevedrés define un interese capaz de asegurar que foi o pobo o responsábel da redacción do que consideramos o primeiro texto da nosa traxectoria literaria moderna:

la recia personalidad del Mariscal Pedro Pardo de Cela, turbulenta y discutida, con su vida altanera y su trágica muerte, por fuerza habrá movido la pluma de los poetas coetáneos, historiadores populares de todo acontecer singular. Había un público ávido de conocer las nuevas de la tierra, diseminando en villas y aldeas, y había, sobre todo, una grey nunca ociosa de juglares trashumantes que precisaban renovar su “mercancía” ante el concurso expectante de las ferias lugareñas. Los romances cantados al son de la zanfona o la viola constituían el medio informativo de rango superior, con que estas gentes sencillas del campo y los pequeños burgos saciaban su afán de novedades. Pero, además, la figura de Pardo de Cela, contradictoria y altiva, con arrebatos mesiánicos y gallardos desafíos, atraía la atención de la población gallega, para la que el Mariscal ofrecía los vigorosos perfiles del héroe popular. Por eso su muerte aciaga fue lamentada tan hondamente en los estratos demóticos. Y ha sido el pueblo mismo, sin duda alguna, el que tejió en torno al suceso ese cúmulo de notas romancescas, que van desde la vil artimaña del Pasatempo – lugar donde los enemigos de Pardo de Cela entretuvieron al correo que portaba el indulto regio – , hasta el repeito bote de la cabeza cercenada, rodando hacia la puerta de la catedral mindoniense, mientras la boca, aún trémula, pronunciaba por tres veces la palabra “¡Credo!” (Álvarez Blázquez, 1965: 350).

Xa que logo, foi tanta a importancia concedida a este texto que, na súa versión transcrita no memorial saavedrino, en tempos aurorais protonacionalistas suscitou o interese de boa parte da nómina da *intelligentsia* decimonónica: mesmo Murguía – que con Villa-amil é un dos primeiros en facelo – deixouse levar polo selo cabaleiresco mesiánico que posuía a personaxe do Pero Pardo e, por suposto, como aquel transcrebeu unha parte da *Relazón* (cf. Villa-amil y Castro, 1861; Álvarez-Villaamil, 1861; Murguía, 1861; Barreiro de Vázquez Varela, 1882). Mais volvamos a nos deter nas percepcións do Álvarez

Blázquez, para quen, como vimos, é o estrato popular – mindoniense, claro – o responsábel de imaxes como o do entretenimento do correo que portaba o indulto asinado pola raíña da Castela – na maior parte das ocasións personificado na muller do fidalgo d’A Frouxeira ¹⁵ – ou a da cabeza do marechal que, unha vez separada do corpo, cae cara á porta da catedral de Mondoñedo pronunciando tres veces a palabra *credo*. Para o fillo do autor de *Mari Castaña. Unha revolta popular*, “la muerte de Pardo de Cela conmovió, por unas u otras razones, a Galicia entera” (Álvarez Blázquez, 1965: 351). Non é estraño, portanto que, malia refugar de lendas como a da ponte do Pasatempo e a dunha cabeza cerceada que fala, curiosamente acreditase noutras lendas igualmente de falsas, en todo caso imposíbeis de comprobar – o asasinato dun fillo home que o marechal nunca tivo, a traizón dos vinte e tres vasalos ¹⁶ –, asegurando que as:

fuertes tintas con que la tradición acusa perfiles ya de por sí vigorosos; el estremecimiento popular, que todavía hoy es vivencia colectiva en la comarca, por el bárbaro sacrificio del hijo del Mariscal, mozo de 22 años; la aleve traición, en fin, de los veintidós criados de don Pedro, eran motivos sobrados para que la musa juglaresca se anotase un fácil éxito.

¹⁵ Como recollen Pisón, Lourenzo e Pérez Blanco, bos coñecedores das lendas valadourás e – non en van primos entre eles – descendentes dos Pérez Salvatierra marechalianos, nun dos contos tradicionais de seu país dase conta de como o marechal se recolleu para a súa “torre da Frouxeira cando comezaron a asedialo por envexas os sicarios dos reis de Castela, co beneplácito dos condes e do clero do País, que temían o seu poder crecente”, xa que amais de casar coa filla do conde de Lemos era o cobrador das rendas do bispado de Mondoñedo. Despois da coñecida traizón – pois “non podendo sometelo pola forza, os inimigos recorreron á traizón, comprando a un grupo de criados de Don Pedro, que lles dixeron cando ía baixar ao Castro e onde o podían prender” –, o conto popular asinala como: “a muller cabalgou sen descanso ata Medina del Campo, onde estaba a Raíña Isabel, para pedir o indulto, gracia que lle foi concedida. Púxose outravolta de camiño para Mondoñedo, e en chegando á ponte dos Muíños, que hoxe chaman “Ponte do Pasatempo”, unha xente armada cerroulle o paso dicíndolle que non levara présa, que Don Pedro estaba a salvo. Mais era para darlle tempo ao verdugo de facer o seu labor, pois de alí a pouco tocaron as campás, e era que xa caera a cabeza do Mariscal”. (Pisón, Lourenzo e Ferreira, 1998: 19-20).

¹⁶ Son, en realidade, vinte e dous homes e unha muller. A mesma *Relazón da carta xecutoria* así o proclama: “foran vynte é dous traydores, é a muller” (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 358).

Segue a fabular Álvarez Blázquez coa idea dunha musa popular enchida de respeito e admiración por un nobre que vislumbramos magnánimo, sempre espello de cabaleiros, mesías liberador e que amais, segundo os seus intereses, fora obxecto de xeneralizadas “simpatías populares” capaces de o converter nun dos mitos máis hábeis da nosa cultura; ademais no noso primeiro mito do período Moderno. E apoiándose, arestora xulgo que con gran fortuna, na idea dunha Galiza volcada cunha literatura popular reconducida e refeita através dos cantares de cego; non en van un meio óptimo e unha das nosas manifestacións máis características até ben entrado o século XX. Así pois, malia que sublimando o vitimismo marechaliano e a forza dun pobo asombrado polo carácter e o periplo de quen se apresentaba como un heroe que através do propio estrato popular comezaba o seu proceso de santificación, pois “las simpatías populares, aunque sólo fuese porque ya las víctimas no podían defenderse, estaban de parte del señor de la Frouseira [sic]”, quixo apostar pola enerxía que se achaba nunha tradición visada polo espallamento segundo as mostras da literatura de cordel:

los cantores andariegos, que hacían comercio de todo lo truculento y pasional, se habrán apoderado del tema con avidez, ilustrándolo acaso, a todo color, mediante el espantable cartelón. Acontecimientos de mucho menor poderío escenográfico han recorrido la faz de Galicia, casi hasta nuestros días, en las secuencias inefables del cartel de ciego (Álvarez Blázquez, 1965: 350-351) 17.

¹⁷ O mesmo Álvarez Blázquez volve insistir neste extremo cando, ao preparar o limiar para a edición do libríño *Cantares de cego* da simbólica Colección “O Moucho”, apuntaba como a maior parte dos cantares de cego da Galiza estaban perdidos “porque ninguén en tempos pasados se afanóu por recollelos, xa de viva voz, xa nas follas impresas que se vendían en feiras e festas”, destacando deseguida que “a trágica morte do Mariscal Pardo de Cela (1483)” foi recollida nun cantar “que debéu circular impreso xa no comén do século XVI, e do que, por achóu, consérvanse uns trechos” (Álvarez Blázquez, 1972: 9-10). Con efecto, eu mesmo ouvín relatar a meu pai como, reconstruíndo parte das súas lembranzas infantís, no simbólico escenario da Praza de san Domingos de Lugo, onde tradicionalmente se montaban as diversións festeiras do Sanfroilán, a carón das truculentas historias de asasinatos das que tanto gostaba o público e outras lendas moitas veces resgatadas da propia historia da cidade dos muros romanos – tal o periplo da Maria Castaña –, a historia do marechal Pero Pardo foi unha das que tamén ocupou a atención dos

Era un proceso, no entanto, que moi ben podería informar como se iniciaba unha metamorfose na que, rápida e directamente xa crisálida, un fidalgo galego, un nobre procedente dos derradeiros tempos dunha convulsa e androcéntrico-militarizada Idade Media, comezaba o que ía ser un acelerado proceso de transformación encarreirado cara a unha santificación xeneralizada na que, con efecto, vai ser o pobo o responsábel da súa identificación cunha bolboreta da liberación mais segundo un dirixismo ideolóxico emanado dos argumentos máis simples do seminalismo tradicionalista que xa caracterizaba o pensamento da Galiza moderna.

Mais avaliacións sobre a xénese dos textos marechalianos á parte, o certo é que é por meio da *Relazón da carta xecutoria*, sen embargo redixida para deixar constancia da ignominia á que foi submetido o marechal e, emporiso, historiar os nomes dos falsarios que o atraizoaron, vendéndoo ao imperialismo castelanista que remataría por facer da Galiza unha colonia adoito pervertida, polo que coñecemos a primeira dimensión dun heroe que, segundo a maxia do seminalismo discriminatorio imperante na época, derivaba dunha fidalguía travestida segundo as fórmulas de quen sendo nobre de berce era mellor e, de resto, aparentara cunha caste procedente dos mesmos reis daquela Galiza libre ou, alomenos, non obxecto do pérfido submetimento ao que grazas á Isabel da Castela e ao Fernando de Aragón o territorio do que verdadeiramente partía o seu carácter rexio estaba a descubrir.

O texto é contundente no que respeita ás súas intencións: resumidas todas na presentación a un auditorio xeral da envexa á que se reduciu a sona dun nobre local cunhas arelas moito máis que localistas, un fidalgo protagonista dos agresivos acontecementos guerreiros intestinos en que vivira a Galiza de fins da Idade Media, un señor de vasalos levantadizo e bandeiro que, na propia orxía bélica galega que tanto se empeñara en suster, foi vendido segundo a máis

cegos que, cos seus cantares, congregaban os e as lucenses nos tempos inmediatamente anteriores á Ditadura fascista primorriveriana, nos tempos en que a imensa fantasía deitada polo Barriga Verde engarguelaba unha xeración inteira de lugueses e luguesas.

abxeta das traizóns cabaleirescas, a de quen sendo vasalo – utilizo o masculino porque, agás unha muller, a Elvira de Muras, todos os traidores son homes – é infiel e desleal, cuase impío, ao seu señor. Era un ditado, portanto, imperdoábel aos ollos dun individuo medieval que, contodo, como a seguir vamos ver, mesmo podía obviar que se lle roubase á Igrexa católica, á verdadeira señora das terras dun reino non en van orixinado na alianza dun non tan supremo poder monárquico cos xestores dunha fe froito dunha extensa e intensamente imposición que, monopolizándoa, aquela representaba sen ningún xénero de dúbidas. E o texto, porén, vai dirixido explicitamente a un auditorio alí presentado, un receptor colectivo a quen, sob a fórmula “sonbos os siguientes”, se quer ofrecer a nómina de máis dunha vintena de traidores alí compilada.

A *Relazón da carta xecutoria*, na súa versión A subtitulada “e copia de os que venderon á Frouseyra sita no Vale Douro en Galicia, a Mouço Mudarra Capitan do Rey Don Fernando, é curregida no preito do Archivo, na Audiencia de Santiago ¹⁸”, na da B – *Relacion do*

¹⁸ Amais da forma “mouço” – que por certo ben podería ter algo a ver co termo ‘mouro’ na súa acepción negativa, como verba aproximada ao mundo castelán ou relativa á mourisma, un complexo oposto ao elemento cristián, que era o positivo nun mundo occidentalizado como o da Galiza – , nótese a presenza da forma galega “Frouseyra”, coa lóxica iota intervogálica – pois, como asinalei na nota 8, o segundo elemento do ditongo trátase dunha palatal sonora – , así como o topónimo Vale Douro, que recolle o propio nome do río que atravesa o país mariño. Por outra parte, cómpre referirmos que a *relazón* – o mesmo subtítulo así o asinala – se orixina principalmente no testemuño dos traidores que venderon o marechal, ficando patente a súa veracidade – isto é, o interese de sustentar o documento en algo tan palpábel e tan realmente veraz como un preito, é dicir, un feixe documental composto por un fato de instrumentos visados por unha audiencia – coa corrección que dela se fixo grazas a un “preito do Archivo, na Audiencia de Santiago”, un preito que ben podería aludir ao proceso xudicial que os sucesores do Pero Pardo tiveron de vivir tras a confiscación dos bens de que foron obxecto.

Contodo, dada a importancia e o ruído que implicou no seu tempo o confronto xudicial de que arestora volvei falar, considero persoalmente que tal subtítulo reférese en concreto ao xa apuntado preito que sobre os bens do peirao e casa principal de Burela encetou unha das netas de Pardo de Zela, a Maior de Vaamonde, e que, malia que producise unha sentenza compostelá datada en 1524, non se resolvería até 1542, no espazo xurídico do tribunal superior da chancelería valisoletana. Xa que logo, só con levarmos en consideración a contía e o rigor dun preito establecido polos descendentes do marechal contra o imponente señor de Mondoñedo, o bispo, descubrimos a senlleira proxección que xa no seu tempo

suceso da morte do Mariscal da Frouseira Pedro Pardo de Cela – co subtítulo “sacada dun orixinal muy antiguo questá ná ciudad de Santiago é como ó venderon, é quen foron, é dondéran naturais” (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 358 e 362); desenvolve un programa principalmente inscrito nuns intereses receiosos a respecto da historia de alguén que podería semellar ser un proscrito – non en van estaba a reformular a historia dun condeado a morte pola mesmísima coroa da Castela – ; xa que logo eminentemente pautados pola recensión e unha releitura nobiliarista da proxección dun fidalgo galego mais en chave dignificadora, por suposto restituidora segundo as súas aspiracións. Retratándoo coas liñaxes paterna e materna, “o Mariscal Pedro Pardo de Cela Saavedra” aparece como un hábil guerreiro retirado á súa casa “con muitas honras” que, obxecto da envexa de seus colegas, é denostado debido ao poder que acumulara e, finalmente, “vendido por seos criados”. A narración dos feitos, portanto, orixínase na casa d’A Frouseira, da que o Pero Pardo “era seu Señor” e:

donde él á cabo dalguns días, se deu a partido, con muitas honras, sen aveyr feyto mal, contra seu Rey, e Señor por

desenvolveu o proceso de que trato. O mesmo Álvarez Blázquez – que, curiosamente, en 1965 aínda cre na existencia dun fillo home do marechal – falounos do “recurso de fingida autoridade” que agachaba o feito de aludir ao preito, dubidando nembargantes de que nel se apoiase o texto porque, dicía, se confundían os nomes dos “dos actores más importantes del drama, después de Pardo de Cela y su hijo”, Mudarra e Buendía (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 353-354).

Xa o aponteí anteriormente, tais equivocacións son erros certamente explicábeis, nunca indicativos de tal recurso de finxida autoridade, un recurso que, con efecto, é definitivamente un recurso de autoridade e lexitimidade, mais non de algo finxido. Desta forma, porén, fixándonos nesta alusión ao preito compostelán, poderíamos datar novamente a *Relazón da carta executoria*, alomenos na súa redacción e impresión, cara aos meados do século XVI, e non en 1512-1515 como apunta Álvarez Blázquez (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 355); o cal non quer dicir que o proceso de santificación non viñese avaliado, como eu mesmo asinalei hai anos, en parte e directamente pola propia familia dos Pardos de Zela, a verdadeira responsábel da literaturización da figura marechaliana, e que non se tivese producido pouco despois do asasinato do militar baluro na Praza Maior da cidade de Mondoñedo en decembro de 1483, agochando un intenso desexo de dignificación e lavado da imaxe de seu levantadizo antecesor (cf. Pardo de Neyra, 2002: 101-103). Sen embargo, como a seguir apuntarei, non creo que o “Pranto d’A Frouseira” coincida temporalmente coa *relazón*, un documento que xulgo moi posterior á morte do Pero Pardo.

invidia, é malquería, que lle desejavan algus Cavaleyros, do Reino, con que competían guerras civís, por ser mais poderoso o malsinaron, de que despois lles pesou; foy vendido por seos criados en quen se fiava, no ano de mil é catro centos é oytenta é tres (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 358).

A loita contra a ignominia, pois, constitúe o primeiro e o principal dos argumentos sob os que asenta e cos que está redixida a *relazón*. Unha ignominia que, claramente inxusta, infame e canalla, non quer rematar en deshonra, en vergonza e en oprobio e portanto faise extensiva e á vez parte da propia personaxe que alí se presenta segundo os semas de quen ten sufrido a impiedade e o desdouro máis absolutos e profundos que calquer pode imaxinar, concluíndo privado da vida por mor dunha perfidia orquestrada polo seu propio estrato social e directamente realizada por vinte e tres criados e achegados seus. Na segunda das versións da *relazón*, a *Relacion do suceso da morte do Mariscal da Frouseira Pedro Pardo de Cela*, apróvéitase parte do diálogo entre o Afonso de Santamariña e o capitán Mudarra para, deseguida, desenvolver un panexírico en redor dos traidores, aos que se lles desexa a xustiza que só a divindade lles pode aplicar¹⁹.

E despois que assi foy vendido por os susoditos, que foran vynte é dous traydores, é a muller, que o foron a seu señor, foy a sete do mes de Dizembre de mil é catrocentos é oytenta e tres anos, foy preso o dito Mariscal Pedro Pardo de Cela Saavedra

¹⁹ Logo de presentar a imaxe do fillo asasinado, o ou a copista reproduce parte dun parlamento en que o Afonso de Santamariña asinala ao Mudarra que con el son vinte e dous “os que demos palabra”, ao que el respondeulle “con triste fala: gardarémolos as ballestas, e partiremos á seteira é barrerémolos á tranqueira para que faga esta mañá a prison ...”. Deseguida, segundo a tónica denunciadora da ignominiosa traición sufrida polo marechal, mais agora cunha conclusión encarreirada aos *señores* para que miren en quen fían seus criados, exprésase que: “vintedous foron os chamados que venderon a Foruseira, é á cerca do Mariscal; no na venderon por sustento, nin por falta de viño, nin pan, nin por falta de diñeiro; xamais estarán nin padecerán nin pleito que teñan xamais fee lles darán por ser treidores, perxurados, é declarados por tás en Galicia, en Castilla, e donde sabido está desde atrevido suceso. Se mandou sacar traslado [u]s[e] para saber tan gran maldá daquéllos malvados criados que Deus lles dará a para é o premio de haber feito tan maldade: á Deus darán á conta todos, que á honra, vida, é o caudal que cay en maos de testigos falsos, xamais ben á parar ben. E os que tuveren criados miren en quen fian que por ma[i]s nobre e poderoso que sea á boa fee lla han de pagar”. (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 363-364).

Bolaño, na casa de Fonso Yañez do Castrodouro , por Fernando de Bena [...] e prenderono co il muitos fidalgos, é labradores honrados, que non foran sabedores da trayçon dos treidores que o venderan, dali foy levado á Ceudad de Mondonedo, adonde o degolaron ó cabo de dez días que o prenderon (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 358).

A felonía, entanto, é o trazo que inunda un texto que, como é o caso da *Relazón da carta xecutoria*, mesmo desde o seu título – xa non digamos através do seu xa aludido subtítulo – estaba a clamar, a proclamar, a súa vocación de veracidade, o seu compromiso en tanto en canto – ou así o pretendía ser – transcrición dun preito que, á vista de todos e todas estaba xa, se custodiaba no “Archivo” da audiencia de Compostela. E o sintagma que o titulaba, portanto, ben o asinalaba: o auditorio estaba fronte a unha relación dunha carta executada, isto é, interpretada e posta en práctica, através dun tribunal de xustiza capaz de lle dar o seu carácter como tal, como documento que, ao igual que calquer texto xudicial, se tiña de executar.

A carón da neutralización da ignominia de que o nobre fora obxecto tras o seu asasinato –na carta anótase claramente que “decer que se levantara co o Bispado de Mondenedo, é quera matar os Cregos, é o Bispo, é falar sen fundamento” (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 359)– , na *relazón* pretendíase anular a sensación herética que podería se asociar á proxección do marechal baluro; non en van, durante a súa vida fora un dos roubadores eclesiásticos meirandes da Galiza, o máis destacado dos países mariños batizados polo mar de Lugo. Deste xeito, no mesmo fechamento textual insístese no principal obxecto que inza, ponto a ponto, todo o programa dignificador que aí se desenvolve. O principal problema, pois, radica no poder de quen, xa o dicía o Aponte, *comía todo o bispado de Mondoñedo*; e o responsábel é o propio bispo e señor da cidade, “D. Iñigo de Castro”, que:

trouxo consigo a Dona Isabela de Castro, que era muy nova, é casoa co Mariscal, doulle en dote a renta do seo Obispado por días de sua vida, salvo un tanto que tomou pra seuo sustento; despois de feyto o casamento, algus días, morreu o Bispo [...] en muyta facenda que lle dera, decendo no podera dar, é co esso

andavan á mal facer, tomando sas rentas do Bispado, vno e outro, por forza, é donde se encontravan as suas gentes ivan as maos, é de aqui lle veo muyto dano ó Mariscal, que por defender á dote, pegava nos Cregos é Segreres, é os matava, é podia mais co Bispo, é outros Cavaleyros: e co esto foron con queyxumes facendo outras retras de lazos, que argouron dar conta ós señores Reys Don Fernando, e Dona Isabela, que visto por suas Altezas embiaron [o] a chamar, por provisós, moytas vezes, pra ser informados, é oílo, é el ouvo pavor o queyrían matar, ou desterrar dos Reinos de Spaña, é non foy, po lo qual o embaron prender, é él se retirou á Frouseyra, de que sucedeu o que diz atrays, é esto po lo temor que touvo, é non por outra cousa, que se vbera ca estivera escrito en papel, e non consentiran ser vetuperados os tredores que o venderon, como o son, é serán; nen seos descendentes se tuveran por boos sayendo dél, mormente que os millores de España se preçan de ser seos deudos. E esto sirva dexemplo, pra quen tomar bes das Igrejas en dote de casamento (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 359-360) 20.

²⁰ Con efecto, debemos entender o sentido e a dimensión do proceso de sacralización marechaliano seguindo as pautas da imaxinaría católica de xorne xudeu-cristiá; non en van o mesmo recurso da herdanza do carácter – que fai dos descendentes de quen venderon o marechal entes igual de perniciosos e maos que os propios feitos da traizón – é algo procedente da fe hebrea. Por outra parte, neste derradeiro parágrafo achamos a verdadeira xustificación dunha carta que, como a presente, quería deixar clara a execución dos feitos tal e como sucederon – iso é o que no texto se mantén – , uns feitos que, como alí se compila, se orixinan na percepción das máis que pingües rendas do bispado mindoniense que semella que o marechal levaba por como bens dotais tras o casamento coa Isabel, cunha Isabel que, así se quer apontar na *relazón*, é nova e semella que inexperta, e da que nada se aponta dun anterior casorio, dun casorio cun cabaleiro igual de raspiñeiro – mesmo máis – que seu segundo marido. Emporiso, tras un marechal que accede a un patrimonio máis que interesante, ben polo monto de cartos e prendas que implicaba, ben porque representaba o exercicio da actividade señorial da que tanto gostaban xentes como o Pero Pardo, observamos como se debuxa un home que, sempre a carón de seu bando de criados e compañeiros, semella que unicamente pretendía facer seu o que lexitimamente lle correspondía. Por iso, tratando de facer valer seus dereitos, “donde se encontravan as suas gentes ivan as maos”, mesmo tiña que pegar “nos Cregos, é Segreres, é os matava, é podia mais co Bispo, é outros Cavaleyros”. Isto, portanto, foi o verdadeiro motor das queixas que receberam os monarcas, quen decidiron pór fin ao periplo dun despótico cabaleiro. Mais así e todo, como se recolle na *relazón*, o marechal retirouse á Frouxeira, mais non por que contra del existisen probas que o apresetasen como un criminal, senón por medo. Alí, na súa casa é onde se produce a traizón que, finalmente, o levará á morte.

Contodo, neste sentido cómpre que interpretemos a clara imaxe dun home, claramente xulgado como un proscrito en atención ao seu periplo levantadizo ²¹, mais de quen, ao tempo, se asinala ter sido soterrado “con grande autoridade” nun dos lugares de máxima expresión, proxección e significación da sé mindoniense – “junto ao Pulpito do Evangeo, é porta da Capela mor da Catedral” –, a respeito de quen se prega beizón e perdón eternos – “Deus aja misericordia co a sua alma” – e do que, de resto, se proclama ser pai dun rapaz que tamén foi obxecto dun asasinato inxusto: “Pero de Miranda Saavedra é Castro” – “Pedro de Miranda é Castro” –, un “moço virtuoso de edad de vinte é dous anos” cuxa morte “foy [...] como de un Martir, porque jamais se achou error, que fosse contra persoa algúa, mor nen menor, se non por os pecados de seu padre, é querelo defender como deveo, que o matavan” (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 358-359 e 363) ²².

²¹ Temos de entender tal interese en atención á alusión aos “pecados” marechalianos, pecados que debemos pór en relación co devir de quen, na *relazón* así se fai notar, era intensamente “poderoso” e adoito mantiña “guerras civis” co resto de cabaleiros galegos. A morte deste pretendido fillo sen mácula explícase, segundo o mesmo código cabaleiresco que inza todo o documento, en dirección á defensa que del tiña de facer todo fillo e toda filla fiel: xa que logo, o Pero de Miranda Saavedra da *relazón* morre por “querelo defender como deveo”. Apesar de todo, éme necesario dicir que tal periplo levantadizo non debeu constituír nada especialmente negativo nunha época na que a principal ocupación e carácter de calquer nobre como o Pero Pardo era a o exercicio bélico e, a maiores, a defensa e a sempiterna adquisición de territorios sobre os cais exercer o seu señorío e a súa proxección, isto é, nin a mesma Igrexa católica era capaz de rexeitar ou negar un cabaleiro que atentase contra ela mesma, que roubase e que desenvolvese a máis abxeta das ignominias sobre os e as vasalos e as terras suxeitas á súa xurisdición; bastaba cun arrepentimento público – e a coñecida *restitución* – para que calquer roubador acabase sendo louvado polas autoridades eclesiásticas e, xa que logo, soterrado *en sagrado* – como daquela se dicía –, e amais nos lugares de maior proxección, significación e simbolismo das igrexas e dos mosteiros. Un cabaleiro, portanto, tiña de actuar consonte as súas propias características, e calquer asunto emanado do seu carácter era agardado e perdoábel: con tal de que defendese a fe – outro dos semas da cabalaría – todo lle estaba perdoado.

²² Esta imaxe, así como a dunha Isabel de Castro nai dunha única filla – a Beatriz esposa de “seo tío, e Señor da Casa de Torés” – descóbrenos que a *relazón* talvez sexa bastante posterior á data apuntada polo Álvarez Blázquez e que, por suposto, ou nada teña a ver coa familia dos Pardos de Zela ou, de selo, fosen uns afastados descendentes do marechal os encargados de redixir as palabras desenvolvidas no documento. Non é posíbel que os mesmos netos do militar imaxinasen un tío avó que nunca tiveron, que esquecesen unha tía avoa produtora de novos membros

Mais a carón do seu poder cabaleiresco, o Pero Pardo da *relazón* deséñase como un home poderoso que, a xeito andradiano – pois a imaxinaría que resumía o Diego de Andrade debeu constituír un

familiares e que organizasen o xa referido armadillo que criaron ao construír a nómina de fillos da Beatriz de Castro señora de Torés segundo unhas novas que pouco – en casos nada – tiñan a ver coa realidade. Emporiso cómpre refacer as análises anteriormente achegadas e, segundo unha nova visión, considerar que a *Relazón da carta xecutoria* nada ten a ver temporalmente co “Pranto d’A Frouxeira”. Mentres este, que si xulgo emanado do propio interese da familia do marechal, pertencería aos primeiros anos tras a desaparición do fidalgo d’A Frouxeira, a *relazón* máis ben pertencería ao *atelier* dalgún dos seus descendentes posteriores – o mesmo feito de ser unha “relazon da carta xecutoria” froito e sustentada no referido preto pode indicalo – , é dicer, sendo responsabilidade ben do mesmo Fernando de Saavedra autor do coñecido *memorial* nobiliar, ben doutro dos descendentes da Beatriz de Castro: só así, para min, explícanse feitos como o da invención do fillo da parella Pardo de Zela-Castro, a redacción dunha nómina falsa de fillas da señora de Torés e o esquecemento da outra filla, amais a primoxénita, do marechal lugués. Claro que a Constanza desaparecera axiña, no cerco de Vilaxoán, pouco despois de ser asasinado seu pai. Desta forma, porén, se o *pranto* moi ben pode pertencer aos comezos do século XVI, mesmo aos derradeiros anos do XV, sitúo a *relazón* no século XVII, por suposto antes da publicación do memorial saavedrino, mais nun período que xulgo máis ben pouco afastado temporalmente do ano de publicación do documento nobiliar dos Tabois.

Por outra parte, malia que falando do licenciado Molina, o mesmo Fernando de Saavedra Ribadeneyra asinalase que: “bien cercano escribió a su tiempo, con que pudo dar muy individuales noticias dél, y de su historia, si no escribiesse con la brevedad que de lo demás, ó es que las omitiese por notorias, y menos antiguas que las de su assumpto, ó porque corrian entonces en relaciones autenticas, e impresas por todo el Reino, de que han quedado en el de Galicia muchas en algunas casas de los descendientes del Mariscal, como la que pára en la de Taboy, y copiada á la letra en Gallego, segun su original, en poder del Suplicante”. (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 353); o certo é que non temos argumentos para dubidar de que nos tempos inmediatamente posteriores ao asasinato do Pardo de Zela circulasen relacións impresas sobre tais feitos, mais tampouco os temos para considerar que a *relazón* que Saavedra ofrece transcreba unha daquelas, máxime considerando o feixe de imposturas e falsidades que nela se recollen e que, por suposto, non poden ser nada lóxicas nun documento tan próximo no tempo aos feitos alí narrados. E se consideramos a afección que moitos fidalgos galegos desenvolveron pola redacción de falsas crónicas capaces de lles daren prestixio, carácter e sona ás súas xineas, non sería nada raro que o Fernando Taboi, apesar de indicar falar dun documento vello, fose quen de redixir proprialmente a *relazón* ou, talvez, recoller un texto cuase contemporáneo seu mais feito por calquer seu parente seu, mesmo non pola súa mao mais si pola súa encomenda, en chave dignificadora e cuns intereses de gabanza de caste tamén máis que evidentes. Esa, entanto, é a miña proposta.

recorrente desexo para quen, como o marechal Pero Pardo, estaba acostado á súa casa e, a maiores, pertencía a unha xinea tradicionalmente achegada aos principais señores dos países d'As Mariñas, tanto coruñesas como luguesas – , congregaba ao seu carón un bando nada rexeitábel, algo que, tamén a maiores, daba carácter a calquer cabaleiro que se prezase de o ser. Con el, portanto, apreixaron “muitos fidalgos, é labradores honrados”, mais fixérono “temendose como era tan poderoso, é emparentado no Reino, e fora dél, que o viessen quitar por armas”, especialmente “Pero de Bolaño, Señor da Casa de Torés” e “Pero de Miranda, Señor da Casa, é Fortaleza que chaman o Renegado” (cf. Álvarez Blázquez, 1965: 359), ambos estreitamente aparentados co marechal, pois se o primeiro, amais dun Ribadeneyra como el, era marido da súa filla máis nova, o segundo, tamén ademais de primo – neste caso pola casa dos Saavedras – , deviría avó de quen acabaría a ser marido dunha das súas netas de Vilaxoán. A imaxe, pois, fálanos dun incitador, dun cabeza de tribo, dun reunidor de xentes e, en consecuncia, dun concitador de consciencias. Un marechal, logo, a medio camiño entre o humano e o sacro, un marechal que, fóra xa de calquer xénero dúbidas, era un mártir, un elixido portanto para comezar aquel proceso que nos falaría dun mesías liberador.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS

- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, J. M. (1965). “Literatura popular gallega en torno a Pardo de Cela”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XX, 62, 350-378.
- (1972). “Limiar”. Anónimos, *Cantares de cego*, recadádiva, limiar e notas de X. M. Álvarez Blázquez. Vigo: Edicións Castrelos, 7-10.
- ÁLVAREZ-VILLAAMIL, F. (1861). “Apuntes biográficos, sobre el Mariscal Pardo de Cela, y consideraciones acerca de sus hechos y su causa, por el licenciado D. Félix Álvarez Villaamil”. *Galicia. Revista universal de este reino*, 8, 15/01, 114-118.
- BARREIRO DE VÁZQUEZ VARELA, B. (1882). “Aniversario de la muerte del Mariscal don Pedro Pardo de Cela”. *Galicia*

-
- Diplomática*, I, 169-170 [sen asinar, mais a el atr. por Álvarez Blázquez, 1965: 351, n. 4].
- CANO, J. M. (1903). “Mi buen amigo ...”. Epíl. a B. Vicetto, *Los hidalgos de Monforte (Historia caballeresca del siglo XV)*. Con un prólogo de Don Nicolás Fort. A Coruña: Andrés Martínez, Editor, 5ª ed., 451-453.
- FILGUEIRA VALVERDE, X. F. (1966). “Sobre el ‘Cantar do Mariscal’. Otra versión con menos versos”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXI, 65, 71-80.
- FORT Y ROLDÁN, N. (1093). “Benito Vicetto y Pérez”. Pról. a B. Vicetto, *Los hidalgos de Monforte (Historia caballeresca del siglo XV)*. Con un prólogo de Don Nicolás Fort. A Coruña: Andrés Martínez, Editor, 5ª ed., 5-36.
- LENCE-SANTAR Y GUITIÁN, E. (1930). *El Mariscal Pedro Pardo de Cela y la Santa Hermandad*. Mondoñedo: Tip. del Centro de Acción Social Católica.
- MURGUÍA, M. M. (1861): “Pardo de Cela”. *Galicia. Revista universal de este reino*, I, 147.
- PARDO DE CELA, A. (circa 1780). “Noticias del Mariscal Pedro Pardo y su Descendencia”. Arquivo do Pazo de Vilardomonte [APV], Secc. “Manuscritos”.
- PARDO DE NEYRA, X. (2002). *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*. Compostela: Edicións Laiovento.
- PISÓN, X; M. LOURENZO e I. FERREIRA [I. PÉREZ BLANCO] (1998). *Contos do Valadouro*. Vigo: Promocións Culturais Galegas, S.A.
- VICETTO, B. (1872). *Historia de Galicia*. Ferrol: Nicasio Taxonera, Editor, Establecemento lito-tipográfico de Taxonera, vol. VI [hai reed. facsimilar: Lugo: Alvarellos Editora Técnica, 1979].
- (1903): *Los hidalgos de Monforte (Historia caballeresca del siglo XV)*. Con un prólogo de Don Nicolás Fort. A Coruña: Andrés Martínez, Editor, 5ª ed., 2 vols.
- VILLA-AMIL Y CASTRO, J. (1861). “El Mariscal Pardo de Cela”, *Galicia. Revista universal de este Reino*, 7, 1/01, 106-108 [texto procedente de *Semanario Pintoresco Español*, 1857, Madrid, 61-63; repr. en *Galicia Diplomática*, III, 1888, 289-290 e 297, e así mesmo parcialmente dispoñíbel na Internet: <http://>

descargas.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/0692182901
1747295207857/208552_0006.pdf.].

----- (1888): “Pardo de Cela”. *Galicia Diplomática*, IV, 237.

*Y pues sehadado noticia delcastro deoro nodeue quedar ensilencio,
antes si renobarse lafunesta memoria delFamoso Mariscal
Pedro Pardo deZela* (s.d., circa séc. XVIII). APV, Secc.
“Manuscritos” [versión A do texto de Domingo Vidal,
procedente do arquivo do Dr. J. M. Montenegro y Soto].

*Y pues se ha dado noticia del Castro de Oro, no deve quedar en
silencio, antes si renovarse, la funesta memoria del Mariscal
famoso Pedro Pardo de Zela* (s.d., circa 1803). Arquivo do
Museu de Pontevedra [AMP], Secc. “Varia”, Col. Sampedro, C
58 [versión B do texto de Domingo Vidal, ms. de M. A. de
Verín Seijas y González Hevia, transcrita in Filgueira Valverde,
1966: 73-77].